

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 7 de decembro de 2023, conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se adxudican as axudas da Orde do 30 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio de 2023 (código do procedemento administrativo IN606D).

A Orde do 30 de xuño de 2023 (DOG núm. 155, do 17 de agosto), conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, establece as bases reguladoras e a convocatoria de axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais.

O obxecto desta convocatoria busca promover a execución de proxectos de investigación industriais definidos entre universidades, empresas e centros de innovación e tecnoloxía como base para a realización dunha tese doutoral, asumindo, por tanto, a contratación de estudantes de doutoramento que realizarán neste marco a súa correspondente formación como investigadores.

Nos artigos 3 e 5.4 da orde da convocatoria determínase quen pode ser beneficiario e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas ás axudas.

O 13 de outubro de 2023 publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas. Unha vez avaliadas as solicitudes, a comisión de selección definida no artigo 14 da orde de convocatoria, reunida o 30 de outubro, elaborou un informe para o órgano instructor no que figuran as entidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas e as listas de agarda para posibles substitucións.

A competencia para resolver estas axudas correspóndelles conxuntamente á persoa titular da Presidencia da Axencia Galega de Innovación e á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de acordo co artigo 15 da convocatoria.



Con base no anterior, de acordo co establecido no artigo 15 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polo órgano instrutor,

RESOLVEMOS:

Primeiro. Conceder as axudas que se relacionan na correspondente proposta de gasto, na contía sinalada para as anualidades 2023, 2024, 2025, 2026 e 2027, para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, Programa Doutoramentos Industriais, convocadas pola Orde do 30 de xuño de 2023, ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I desta resolución.

De acordo co indicado no artigo 14 da convocatoria, concédense un total de 15 axudas, 12 no ámbito das empresas e 3 no ámbito de centros de innovación e tecnoloxía.

Segundo. Establecer unha lista de agarda, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións, segundo os criterios establecidos no artigo 14. Nesta lista figuran por orde decrecente de puntuación as solicitudes que non acadaron a puntuación suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola comisión de selección.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data límite para a sinatura dos contratos, que se establecerá na resolución de adxudicación das axudas, será o 22 de decembro.

Quinto. A disposición do gasto para as axudas concedidas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución:

Entidade beneficiaria	Nº de axudas	Aplicación orzamentaria e código de proxecto	Crédito (en euros)					
			2023	2024	2025	2026	2027	Total
Empresas	11	05.A2.561A.470.0 (2016 00004)	11.000 €	230.910 €	314.892€	263.892 €	43.982 €	864.676 €
	11	05.A2.561A.770.0 (2016 00004)	0 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €	0 €	150.000 €
	1	05.A2.561A.441.15 (2016 00004)	1.000 €	26.000 €	36.000 €	29.000€	4.000€	96.000 €



Entidade beneficiaria	Nº de axudas	Aplicación orzamentaria e código de proxecto	Crédito (en euros)					
			2023	2024	2025	2026	2027	Total
Centros de innovación e tecnoloxía	3	05.A2.561A.480.0 (2016 00004)	3.000 €	63.000 €	91.000 €	72.000 €	12.000 €	241.000 €
		05.A2.561A.781.0 (2016 00004)	0 €	15.000 €	15.000 €	15.000 €	0 €	45.000 €
Universidades do SUG	15	10.03.561B.744.0 (2016 00129)	0 €	150.000 €	150.000 €	150.000 €	0 €	450.000 €
Total convocatoria			15.000,00 €	534.910,00 €	656.892,00 €	579.892,00 €	59.982,00 €	1.846.676,00 €

De acordo co establecido no artigo 28 das bases da convocatoria e a vinculación de créditos que rexe para as axencias conforme á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os créditos adecuáronse á natureza xurídica das entidades beneficiarias.

A Axencia Galega de Innovación financiará as axudas que correspondan ás empresas e centros de innovación e tecnolóxico e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades só financiará as axudas que correspondan ás universidades do SUG por importe de 450.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.0 (código de proxecto 2016 00129) no marco do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2022-2026 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2021, DOG núm. 248, do 28 de decembro).

Sexto. As entidades beneficiarias deberán enviar un escrito de aceptación da axuda segundo o establecido no artigo 17 da convocatoria.

Sétimo. O artigo 21 da orde de convocatoria establece que as entidades beneficiarias e contratantes das persoas seleccionadas serán as encargadas de presentar as xustificacións correspondentes adecuadas á normativa comunitaria e nacional de aplicación e serán as perceptoras dos fondos para o pagamento dos contratos.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.



Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da presidencia da Axencia Galega de Innovación ou ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación en el *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2023

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Economía, Industria e
Innovación e presidenta da Axencia Galega
de Innovación

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de
Cultura, Educación, Formación Profesional
e Universidades

CVE-DOG: 4z28xw37-tzn2-toi6-tfg3-u0wsnfdiwy3





ANEXO I

Axudas concedidas

Empresas.

Expediente	NIF entidade	Entidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Código de proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe (en euros)						Réxime de minimis (Regulamento (UE) nº 1407/2013)
							2023	2024	2025	2026	2027	Total	
10_IN606D_2023_2546931	B72756828	Nologin Oceanic Weather Systems, S.L.	***8478**	Tania López Pérez	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	31.000	24.000	4.000	81.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	36.000	29.000	4.000	96.000	
06_IN606D_2023_2542612	A70049408	Nanogap Sub-Nm-Powder, S.A.	***9786**	Martín Dieste Places	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	20.910	24.892	23.892	3.982	74.676	Si
						05.A2.561A.770.0	0	0	0	0	0	0	
Total							1.000	20.910	24.892	23.892	3.982	74.676	
19_IN606D_2023_2550612	B44579001	Fabrx Artificial Intelligence, S.L.	***8458**	Xela Rodríguez Maciñeiras	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	29.000	24.000	4.000	79.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	34.000	29.000	4.000	94.000	
14_IN606D_2023_2549021	B70314570	Porto-Muiños, S.L.	***3737**	Isa Beatriz Domingos Ingrez	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	29.000	24.000	4.000	79.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	34.000	29.000	4.000	94.000	
04_IN606D_2023_2542150	A27351402	Laboratorio Cifga, S.A.	***8578**	Nuno Muñoz Seijas	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	27.000	24.000	4.000	77.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	32.000	29.000	4.000	92.000	
12_IN606D_2023_2548529	B70433750	Nasasbiotech, S.L.	***7407**	Rocío Ferreiro Miguéns	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	27.000	24.000	4.000	77.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	32.000	29.000	4.000	92.000	
07_IN606D_2023_2543592	A36805794	Actega Artística, S.A. Unipersonal	***4396**	Maylee Yanel Saavedra Castillo	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	29.000	24.000	4.000	79.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	34.000	29.000	4.000	94.000	



Expediente	NIF entidade	Entidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Código de proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe (en euros)						Réxime de minimis (Regulamento (UE) nº 1407/2013)
							2023	2024	2025	2026	2027	Total	
16_IN606D_2023_2549843	B09678061	Ventilatio Lab, S.L.	***9344**	Marcos Suárez Vázquez	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	31.000	24.000	4.000	81.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	36.000	29.000	4.000	96.000	
18_IN606D_2023_2550163	B56286123	Spectrumgrid, S.L.	***9289**	Carlos Vázquez Rico	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	31.000	24.000	4.000	81.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	36.000	29.000	4.000	96.000	
08_IN606D_2023_2546425	B06962302	Mentiness Health Care, S.L.	***7436**	Diego García Sánchez	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	29.000	24.000	4.000	79.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	34.000	29.000	4.000	94.000	
03_IN606D_2023_2529780	B27867621	Envita Digital Solutions, S.L.	***9536**	Irene Rodríguez Trejo	2016 .4	05.A2.561A.470.0	1.000	21.000	27.000	24.000	4.000	77.000	Si
						05.A2.561A.770.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	32.000	29.000	4.000	92.000	
05_IN606D_2023_2542597	A15476740	Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	***9421**	Alberto Jiménez Lomo	2016 .4	05.A2.561A.441.15	1.000	26.000	36.000	29.000	4.000	96.000	Si
Total							1.000	26.000	36.000	29.000	4.000	96.000	

Centros de innovación e tecnoloxía.

Expediente	NIF entidade	Entidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Código de proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe (en euros)						Réxime de minimis (Regulamento (UE) nº 1407/2013)
							2023	2024	2025	2026	2027	Total	
01_IN606D_2023_2518211	G15305923	Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG)	***0176**	Daniel Rodríguez Andrade	2016 .4	05.A2.561A.480.0	1.000	21.000	31.000	24.000	4.000	81.000	Non
						05.A2.561A.781.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	36.000	29.000	4.000	96.000	
15_IN606D_2023_2549300	G27719913	Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostenibilidade Enerxética (Energylab)	***1019**	Guillermo Martín Atanes	2016 .4	05.A2.561A.480.0	1.000	21.000	31.000	24.000	4.000	81.000	Non
						05.A2.561A.781.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	36.000	29.000	4.000	96.000	



Expediente	NIF entidade	Entidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Código de proxecto	Aplicación orzamentaria	Importe (en euros)						Réxime de minimis (Regulamento (UE) nº 1407/2013)
							2023	2024	2025	2026	2027	Total	
11_IN606D_2023_2547030	G36997229	Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient)	***6128**	Álvaro Vázquez Rodríguez	2016 .4	05.A2.561A.480.0	1.000	21.000	29.000	24.000	4.000	79.000	Non
						05.A2.561A.781.0	0	5.000	5.000	5.000	0	15.000	
Total							1.000	26.000	34.000	29.000	4.000	94.000	

Universidades do SUG.

Universidades	Nº de axudas	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)			
			2024	2025	2026	Total
UDC	1	10.03.561B.744.0	10.000 €	10.000 €	10.000 €	30.000 €
USC	9		90.000 €	90.000 €	90.000 €	270.000 €
Uvigo	5		50.000 €	50.000 €	50.000 €	150.000 €
Total		15	150.000 €	150.000 €	150.000 €	450.000 €

ANEXO II
Lista de agarda

Empresas.

Nº expediente	NIF entidade	Entidade	Universidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Comunitaria	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuacións desagregadas								Puntuación total
									a)	b)	c)	d)	e)	f)	g)	h)	
20_IN606D_2023_2550619	B27257666	Agroamb Prodalt, S.L.	Universidade de Santiago de Compostela	***8974**	Óscar Páramo Telle	Si	2	Ciencias Sociais e Xurídicas	20	15	0	5	13,2	10	2,5	0	65,7
09_IN606D_2023_2546861	A27272772	Serge Lucense, S.A.	Universidade de Santiago de Compostela	***6690**	Belinda López Cortes	Si	1	Ciencias da Saúde	20	15	0	0	18,05	10	2,5	0	65,55



Nº expediente	NIF entidade	Entidade	Universidade	NIF persoa investigadora doutoranda	Persoa investigadora doutoranda	Comunitaria	Zona estadía	Rama de coñecemento	Puntuacións desagregadas								Puntuación total
									a)	b)	c)	d)	e)	f)	g)	h)	
21_IN606D_2023_2550714	B94187028	Neboda Farms, S.L.	Universidade de Vigo	***3064**	Samuel López Novoa	Si	2	Ciencias	20	0	10	0	12,5	10	5	5	62,5
13_IN606D_2023_2548878	B94026481	Ozoaqua, S.L.	Universidade de Santiago de Compostela	***4164**	María Carracedo Pérez	Si	2	Ciencias	20	15	0	5	3,9	10	2,5	0	56,4
22_IN606D_2023_2550903	B61507133	Borgwarner Emissions Systems Spain, S.L. Unipersonal	Universidade de Vigo	***0976**	Nerea Airado Vilar	Si	1	Enxeñería e Arquitectura	20	0	2	0	8,3	10	0	5	45,3
02_IN606D_2023_2527166	B88613864	Movum Tech, S.L.	Universidade de Santiago de Compostela	***6093**	Germán del Cacho Salvador	Si	0	Ciencias	20	0	0	0	3,2	10	2,5	0	35,7

